

ACTA NÚMERO 02/09
XERENCIA ATENCIÓN PRIMARIA DE VIGO
E A COMISIÓN DE CENTROS DE ATENCIÓN PRIMARIA

<p>ASISTENTES</p> <p>POLA DIRECCIÓN:</p> <p>D^a. SUSANA ALDECOA LANDESA D^a. PILAR PINTOS MARTINEZ D^a. PILAR RIBEIRO MARTINEZ D^a. PILAR SILVEIRA RODRIGUEZ D^a. M^a CARMEN SIERRA QUEIMADELOS D^a. BELEN VAZQUEZ PACHECO D^a. LOURDES PIÑEIRO TRONCOSO</p> <p>POLA COMISIÓN DE CENTROS:</p> <p>D. CARLOS VARELA VIGO-CSI-CSIF D^a. ROSALINA ALONSO GONZALEZ-SAE D^a. MANUELA FRAGOSO ULLA-SAE D^a. HERMINIA VÁZQUEZ NIEVES-CEMSATSE D^a. ALAZNE ACHALANDABASO CUBA-UXT D. MANUEL NIETO PEREIRA-CEMSATSE D^a. TERESA NUÑEZ GALLEGO-CEMSATSE D^a. CARMEN GARCIA RIVAS-CEMSATSE D. MANUEL RODRIGUEZ PIÑEIRO-O'MEGA D^a. DAMIANA GULLON DOMINGUEZ-SGPS D. MANUEL GONZALEZ MOREIRA-CIG D^a. PURIFICACION VILLAR DE TORO-SGPS D. RAMON LLORENTE SANMARTIN-CIG</p>	<p>En Vigo, ás dez horas e trinta minutos do día nove de febreiro de dous mil nove, reúnen na sala de xuntas da Xerencia de Atención Primaria, para tratar os asuntos que figuran no seguinte:</p>
---	--

-- ORDE DO DÍA --

- 1.- Peticións: Pregamos nos remitan:
 - a) Relación de todo o persoal con "orde de servizo con nómina"
 - b) Copia da orde aclarando as funcións da enfermeira os sábados pola mañá
 - c) Resposta de SS.CC. sobor da posibilidade de obter copias das radiografías polos facultativos de At. Primaria
 - d) Protocolos de actividades do ano 2008
 - e) Calendarios modificados de sábados pola mañá
 - f) Solicitamos que se reúna a comisión de baremación de CCSS para baremar as solicitudes pendentes de tódalas categorías
- 2.- Funcións das TCAE os sábados pola mañá. Material sen esterilizar ao inicio da quenda de traballo.
- 3.- Rexistro-Estafeta. ¿Houbo algunha reorganización de servizo pendente de comunicar á Comisión de Centro?
- 4.- Mobilidade interna.
- 5.- Varios:
 - Prazas Plan Mellora
 - Problemática condutores – multas.

Presentase a nova Directora Medica de Atención Continuada, Dona M^a Carmen Sierra Queimadelos,.

PUNTO PRIMEIRO.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA REUNIÓN ANTERIOR.

Aprobase as actas nº 7/08 e 8/08 das reunións celebradas os días 21 de xullo e 19 de novembro de 2008, respectivamente.

Quedan pendentes de aprobación as actas 9/08 e a 1/09 das reunións 9 de decembro de 2008 e 19 de xaneiro de 2009.

PUNTO SEGUNDO.- PETICIÓNS: PREGAMOS NOS REMITAN.

a) Relación de todo o persoal con “orde de servizo con nómina”

- XERENCIA: Entregase a relación solicitada.

b) Copia da orde aclarando as funcións da enfermeira os sábados pola mañá.

- XERENCIA: Enviáronse instrucións aos puntos de Coia e Bolivia (6 enfermeiras en Coia e 4 en Bolivia).

4 Bolivia	3 consulta	Aínda que pode modificarse (2-2 ou 4 consulta se non hai domicilios).
	1 domicilio	
6 Coia	1 pediatra	Pode modificarse a organización segundo o traballo
	3 consulta	
	2 domicilio	

E volveuse a enviar porque houbo cambio en horario de limpeza.

- CEMS: Queda sen quedar aclarados os domicilios programados, as enfermeiras que están destinadas a domicilios son de demanda
- D.ENFERMERIA: O número de profesionais fíxose en función dos domicilio programados, as enfermeiras fan domicilios programados, se sae un domicilio de demanda faino calquera enfermeira.
- CEMS: Consideran que os domicilios programados débenos facer as enfermeiras de Coia xa que son mais e nas instrucións so falan de domicilios non din nada de programados.

- D.ENFERMERIA: Non é necesario especificar programados, todos os efectivos puxéronse en función do número de domicilios que había nos centros de referencia antes da unificación dos sábados.
- CEMS: Hai que aclarar nunha circular que os domicilios programados, a enfermeira de Bolivia fará os domicilios da área de Bolivia (programados e demanda) e a de Coia os domicilios da área de Coia (programados e demanda)
- XERENCIA: Acordase enviar circular para aclarar o tema.

c) Resposta de SSCC sobor da posibilidade de obter copias das radiografías polos facultativos de At.Primaria.

- XERENCIA: Consultouse, non hai resposta, hoxe vaise a volver a consultar nunha reunión que ten o xerente con informática.

d) Protocolos de Actividades do ano 2008.

Entregase copia pero remitirase por correo electrónico.

e) Calendarios modificados de sábados pola mañá.

- XERENCIA: Tratouse a modificación proposta nas reunións de xefes de servizos, coordinadores e non estiveron de acordo, preparase unha nova modificación por parte da dirección de enfermería e a Dirección Médica.

Os reservas que xa foron chamadas figuraran en negra e non volver a activarse ata que todos están chamados.

- CEMS: ¿Rotarían Coia – Bolivia?
- XERENCIA: De momento queda igual, estudarase as cifras de actividade para ver se se modifica o numero de presenzas.

Hai algún problema co persoal non sanitario en Coia (2 en Bolivia, 2 en Coia). En Coia as presenzas están separadas en dúas plantas, o que ten algún problema polo que hai que estudar se se incrementa o numero de presenza en Coia.

f) Solicitamos que se reúna a comisión de baremación de CC.SS. para baremar as solicitudes pendente de todas as categorías.

- XERENCIA: ¿A comisión que está creada vai a baremar todas as solicitudes de comisión de servizo?
- COMISION DE CENTRO: En tanto a comisión de centro non cambie o criterio, a comisión que está nomeada é a que está vixente.
- XERENCIA: Convocarase a comisión para baremar todas as solicitudes.

PUNTO TERCEIRO.- FUNCÍONS DAS TCAE OS SÁBADOS POLA MAÑÁ. MATERIAL SEN ESTERILIZAR AO INICIO DA QUENDA DE TRABALLO.

- COMISIÓN DE CENTRO: Os sábados pola mañá o material que se encontrou ao chegar (material do PAC) estaba todo sen esterilizar.
- XERENCIA: Falarase coas interlocutoras do PAC Vigo para aclarar o tema.
O material que este o sábado pola mañá sen esterilizar, esterilizarao a auxiliar que vai o sábado pola mañá, igual que o resto da semana.
- SAE: Non, é traballo da auxiliar do centro, que poñan auxiliares no PAC.
- XERENCIA: O material é do SERGAS, non é do PAC nin do centro, as auxiliares teñen que esterilizar o material que haxa durante a súa xornada de traballo.

PUNTO CUARTO.- REXISTRO-ESTAFETA. ¿HOUBO ALGUNHA REORGANIZACIÓN DE SERVIZO PENDENTE DE COMUNICAR Á COMISIÓN DE CENTRO?

- COMISIÓN DE CENTRO: Había 2 celadores e 1 auxiliar administrativo agora reconverteuse 1 praza de celador en PSX, e agora o PSX está a tempo parcial, compártese con mantemento e hai problemas, a persoa do rexistro asume en algún momento todas as funcións.
- XERENCIA: Reorganización non existiu, reconverteuse 1 praza de celador a PSX e houbo unha readaptación das funcións:
 - PSX fai o reparto dous veces ao día e cubre as ausencias no momento do café.
Houbo problemas coa xente nova que cubriu eventualidades que xurdiron.
- COMISION CENTRO: ¿Cabe pensar que non vai haber máis problemas?
- XERENCIA: En principio, non tería que habelos salvo que chegue xente nova en substitucións.
- COMISION DE CENTRO: A situación inicial era de 2 celadores, enténdese que estaba sobredimensionada o cadro de persoal antes?.
- XERENCIA: En celadores si, realmente quen sufriu a diminución do apoio administrativo neste período foi mantemento, xa que o PSX estivo na estafeta todo o tempo.

PUNTO QUINTO.- MOBILIDADE INTERNA.

- COMISION DE CENTRO: Estudaremos o documento que ten a área de Ferrol.
Na anterior reunión unha das queixas era a de ter que vincular a comisión de servizo á mobilidade.

O documento de Ferrol o vemos ben, non vincula a comisión de servizo á mobilidade e propón unha mobilidade aberta e permanente en dous tempos:

- 1º) mobilidade interna provisional, e
- 2º) resto comisións

o baremo sería o proposto anteriormente e propón unha mobilidade de carácter definitivo dentro da propia xerencia.

- XERENCIA: Proponse facer un grupo de traballo con membros da comisión de centro e a xerencia, grupo no que participaría o xerente.

Concretaranse as dúas datas:

- Comisión baremación de comisión de servizo
- Grupo de traballo de mobilidade interna.

PUNTO SEXTO: VARIOS

- **Información incremento do cadro de persoal das prazas do plan mellora**

Farase en tres prazos: 1º) Febreiro: finais
2º) Abril: do 1 ao 15
3º) Outubro / novembro

As prazas do primeiro prazo vanse a solicitar xa.

1º) PRAZO: primeiro solicítanse as comisión de servizo pendentes do ano pasado: No primeiro prazo 11 prazas de enfermería (6 de comisión de servizo e o resto da lista xeral).

Incremento pormenorizado do primeiro prazo:

ENFERMERIA:	
1 Beiramar m	1 A Guarda M
1 Coruxo m	1 Moaña M
1 Doblada m	1 Mos M
1 Rosalía Castro D	1 Ponteareas M
1 Baiona M	1 Porriño D
1 Lavadores D	
MEDICOS:	
1 Lavadores D	

2º) PRAZO: pendente de determinar o número de prazas que saen a comisión de servizo, e cantas a listas xeral, ademais hai un condicionante en número de

prazas que é o número de médicos que se poidan incrementar, xa que iría ao unísono o incremento de médico con enfermería.

- **Problemática condutores multas:**

- CEMS: Os condutores din que irán a 50 Km/h respectando todo, independentemente que fosen prioridade 1, 2 ou urxencia.

Isto vén por unha multa que se impuxo ao condutor nunha saída a unha urxencia por saltarse un semáforo en vermello, o condutor atópase desamparo, ten que facer os seus trámites, a xerencia inhibiuse.

- XERENCIA. Chegou o requirimento do concello para que se identifique ao condutor dun servizo e día determinado.

O primeiro é identificar ao condutor e despois virán os pasos seguintes, pode recorrer a multa e poderíase dicir que ía en acto de servizo.

Remata a reunión as doce horas e trinta minutos do día sinalado.